


Concello de Silleda

Capricho da natureza

www.riasbaixas.depo.es



Á medida dos teus desexos



Concello de Silleda

A Serra do Candán, os montes do Chamor, San Sebastián, e os ríos Ulla e Deza definen os límites do Concello de Silleda, dentro da Comarca de Deza, na Galiza Central.

Cunha superficie de 169 km², o concello de Silleda, antiga xurisdición de Trasdeza, ten unha poboación que supera os nove mil habitantes, distribuídos en 33 parroquias e dous núcleos urbanos, A Bandeira e Silleda, que canalizan a actividade do comercio e dos servizos.

A capital, en Silleda, é sede da Central Agropecuaria, única informatizada de todas as lonxas do Estado e así mesmo centro da Feira Internacional de Galicia, de recoñecida fama mundial.

Alta e media montaña, pequenos coutos e vales angostos, diversidade de microclimas e flora. Historia, Arte, Paisaxe, Gastronomía e Folclore dotan a esta Terra de Trasdeza da mellor e maior oferta turística posible.

La Sierra del Candán, los montes del Chamor, San Sebastián, y los ríos Ulla y Deza definen los límites del Concello de Silleda, dentro de la Comarca de Deza, na Galiza Central.

Con una superficie de 169 km², el Concello de Silleda, antigua jurisdicción de Trasdeza, tiene una población que supera los nueve mil habitantes, distribuidos en 33 parroquias y dos núcleos urbanos, A Bandeira y Silleda, que canalizan la actividad del comercio y de los servicios.

La capital, en Silleda, es sede de la Central Agropecuaria, única informatizada de todas las lonjas del Estado y así mismo centro de la Feira Internacional de Galicia, de reconocida fama mundial.

Alta y media montaña, pequeños cotos y valles angostos, diversidad de microclimas y flora. Historia, Arte, Paisaje, Gastronomía y Folclore dotan a esta Tierra de Trasdeza de la mejor y mayor oferta turística posible.

Patrimonio histórico-artístico

Mámoas e petróglifos

As mostras da cultura prehistórica son abundantísimas no concello, merecendo ser destacadas, a Mámoa da Chousa Nova en Abades, considerada a máis antiga de Galiza. Tamén os petróglifos de Pena das Cazolas en Laro, Chao de Petos en Oleiros, Peneda do Encanto en Siador, Primadorno en Breixa e o conxunto de Penalonga en Cortegada.



Mámoa da Chousa Nova
X557848 Y4734061




Petróglifo de Penalonga
X563853 Y4723260

Las muestras de la cultura prehistórica son abundantísimas en el concello, mereciendo ser destacadas, la Mámoa da Chousa Nova en Abades, considerada la más antigua de Galicia. También los petróglifos de Pena das Cazolas en Laro, Chao de Petos en Oleiros, Peneda do Encanto en Siador, Primadorno en Breixa y el conjunto de Penalonga en Cortegada.

Castros

Da *época castrexa*, son moi numerosos os vestixios, máis de vinte, entre os que cabe destacar polas súas características e dimensións o Castro Montaz en Oleiros, o Castro do Cura en Cortegada, O castro de Chapa, As Orelas en Oleiros, o Castro de Toiriz en Silleda e a Copa do Castro (X561518 Y4729901). Estes dous últimos poden ser visitados e disfrutados coas áreas de lecer e paneis informativos.



Castro de Toiriz
X561150 Y4727388

De la *época castreña*, son muy numerosos los vestigios, más de veinte, entre los que cabe destacar por sus características y dimensiones el Castro Montaz en Oleiros, el Castro do Cura en Cortegada, el castro de Chapa, As Orelas en Oleiros, el Castro de Toiriz en Silleda y la Copa do Castro (X561518 Y4729901). Estos dos últimos pueden ser visitados y disfrutados coas áreas de recreo y paneles informativos.

Pazos

A etapa dos pazos deixou importantes exemplares, construídos fundamentalmente nos S. XVII e XVIII, en plena efervescencia do barroco. A gran cantidade existente destes edificios señoriais, tanto pazos, casas grandes como rectorais, danlle a Silleda unha certa singularidade no contexto galego. Entre estes merecen unha consideración especial os de Cascaxide en Escuadro, Paizás en Cira, Sestelo en Siador, Trasfontao en Silleda e da Viña en Abades.



Pazo da Viña
X557595 Y4732997

Pazo de Cascaxide
X556058 Y4727257




La etapa de los pazos ha dejado importantes ejemplares, construidos fundamentalmente en los S. XVII y XVIII, en plena efervescencia del barroco. La gran cantidad existente de estos edificios señoriales, tanto pazos, casas grandes como rectorales, le dan a Silleda una cierta singularidad en el contexto gallego. Entre estos merecen una consideración especial los de Cascaxide en Escuadro, Paizás en Cira, Sestelo en Siador, Trasfontao en Silleda y da Viña en Manduas.



Románico

Entre os séculos XI e XIII levantáronse numerosas igrexas románicas de moi fermosa fábrica entre as que merece a pena visitar, Abades, Ansemil, Breixa (interior), Dornelas, Escuadro, Fiestras, O Castro e Taboada. Todo este ronsel de edificacións forman a Ruta do Románico trasdezao.



Entre los siglos XI y XIII se levantaron numerosas iglesias románicas de muy hermosa fábrica entre las que merece la pena visitar, Abades, Ansemil, Breixa (interior), Dornelas, Escuadro, Fiestras, O Castro y Taboada. Toda esta estela de edificaciones forman la Ruta del Románico trasdezano.



X560742 Y4731664

Igrexa de Santiago de Breixa

Destaca a súa iconografía de capiteis que dan mostra do bestiario medieval do século XII, único en Galiza.

Iglesia de Santiago de Breixa

Destaca su iconografía de capiteles que dan muestra del bestiario medieval del siglo XII, único en Galicia.



X561595 Y4730028

Igrexa de San Salvador de O Castro

Igrexa do século XII na que destacan interesantes metopas.

Iglesia de San Salvador de O Castro

Iglesia del siglo XII en la que destacan interesantes metopas.



X554160 Y4733974

Igrexa de San Martiño de Dornelas

Igrexa do románico compostelán rural do século XII. No camiño de Santiago.

Iglesia de San Martín de Dornelas


Iglesia del románico compostelano rural del siglo XII. En el camino de Santiago.

Igrexa de San Pedro de Ansemil

Edificación protorrománica de orixe entre os séculos IX e X. Foi mosteiro habitado por unha comunidade de monxas bieitas.

Iglesia de San Pedro de Ansemil

Edificación protorrománica de origen entre los siglos IX y X. Fue monasterio habitado por una comunidad de monjas benedictinas.



X559891 Y4732355

Capricho da natureza



X557050 Y4733531



X559433 Y4725707



Conxunto relixioso de Abades

Conxunto emblemático formado por elementos arquitectónicos de estilo románico e neoclásico.

Conjunto religioso de Abades

Conjunto emblemático formado por elementos arquitectónicos de estilo románico y neoclásico.



X564064 Y4726336

Igrexa de San Martiño de Fiestras

Sobresae a súa escalinata con cruceiro inspirada no barroco compostelán e as metopas da ábsida.

Iglesia de San Martín de Fiestras

Sobresale su escalinata con cruceiro inspirada en el barroco compostelano y las metopas del ábside.

Igrexa de San Salvador de Escuadro

Destaca a portada do S.XII

Iglesia de San Salvador de Escuadro

Destaca la portada del S.XII

Igrexa de Santiago de Taboada

Románico de transición do Século XIII con interesante portada principal. No camiño de Santiago.

Iglesia de Santiago de Taboada

Románico de transición del siglo XIII con interesante portada principal. En el camino de Santiago.

X557382 Y4726602



O mosteiro de Carboeiro sitúase á beira do río Deza. Foi fundado polos condes de Deza no s.X, e baixo a protección da monarquía asentada en León, pronto chegou a ser un dos máis prósperos de Galicia.

A súa igrexa, edificada no s.XII é de estilo románico e está considerada unha das mellores e máis vangardistas obras deste período. A planta é de cruz latina e consta de catro naves.

A cabeceira da igrexa asentase sobre unha cripta única no románico peninsular. Ambos elementos, cabeceira e cripta, teñen xirola e tres ábsidas radiais. Na cripta cabe destacar a variedade das bóvedas e a austeridade decorativa, mentres que na cabeceira sinalamos o uso da cruzaría nas cubertas e a decoración dos capiteis.

Carboeiro recibiu numerosas influencias da catedral de Santiago e do mestre Mateo, como se ve na decoración da fachada principal co tema dos anciáns da Apocalipse ou no uso temperán das bóvedas de cruzaría, solución arquitectónica que anticipa o estilo gótico.



Mosteiro de Carboeiro



X554863 Y4710615

El monasterio de Carboeiro se sitúa a orillas del río Deza. Fue fundado por los condes de Deza en el s.X, y bajo la protección de la monarquía asentada en León, pronto llegó a ser uno de los más prósperos de Galicia.

Su iglesia, edificada en el s.XII es de estilo románico y está considerada una de las mejores y más vanguardistas obras de este período. La planta es de cruz latina y consta de cuatro naves.

La cabecera de la iglesia se asienta sobre una cripta única en el románico peninsular. Ambos elementos, cabecera y cripta, tienen girola y tres ábsidas radiales. En la cripta cabe destacar la variedad de las bóvedas y la austeridad decorativa, mientras que en la cabecera señalamos el uso de la cruzería en las cubiertas y la decoración de los capiteles.

Carboeiro recibió numerosas influencias de la catedral de Santiago y del maestro Mateo, como se ve en la decoración de la fachada principal con el tema de los ancianos del Apocalipsis o en el uso temprano de las bóvedas de cruzaría, solución arquitectónica que anticipa el estilo gótico.



Capricho da natureza



FORCAREI



LENIDAS

1. Torre de Cira
2. Fervenza do Toxa
3. Igrexa Románica de Dornelas
4. Conxunto relixioso de Abades
5. Ponte do Demo (Carboeiro)
6. Mosteiro de Carboeiro
7. Espazo Natural de Carboeiro (Rede Natura 2000)
8. Pazo Casa da Viña
9. Igrexa Románica de Ansemil
10. Igrexa Románica de Breixa
11. Ponte Medieval de Chapa
12. Igrexa Románica de Taboada
13. Ponte Medieval de Taboada
14. Torre de Margaride
15. Igrexa Plateresca de Cervaña
16. Espazo Natural de Taboada (Rede Natura 2000)
17. Igrexa Románica de Escuadro
18. Pazo de Cascaxide
19. Miradoiro de San Sebastián (Rede Natura 2000)
20. Castro de Toiriz
21. Carballería das Pedrosas (Parque Municipal)
22. Pazo de Trasfontao
23. Camiño Xacobeo-Vía da Prata
24. Sendeiro da Saleta
25. Sendeiro do Deza
26. Igrexa Románica de Fiestras
27. Santuario da Saleta
28. Fervenza de Férveda (Pozo do Salto)
29. Petróglifo da Peneda do Encanto
30. Pena de Penadauga
31. Pazo de Sestelo
32. Petróglifos de Penalonga
33. Brañas de Xestoso - Lagoa Sacra (Rede Natura 2000)
34. Petróglifo Chao de Petos e Castro Montaz
35. Pazo de Marzá
36. Alto do Penadoiro
37. Pena das Cazolás
38. Espazo Natural do Candán (Rede Natura 2000)
39. Miradoiro do Candán (1014 mts.)
40. Albergue de Peregrinos
41. Recinto Feira Internacional de Galicia. Central Agropecuaria de Galicia
42. Igrexa Románica e Castro
43. Mámoa da Chousa Nova
44. Muíño de Cován
45. Saltos de Ponte
46. Praia fluvial As Xuntas
47. Fervenza da Burata
48. Fervenza Rego do Enxido

www.turismosilleda.es

TELÉFONOS

Casa da Cultura. Info Turismo	986 581 028
Concello de Silleda	986 580 000
Albergue Peregrinos Xacobeo	670 502 356
Biblioteca Municipal	986 580 720
Casa da Xuventude	986 580 064
Centro C. Vista Alegre	986 585 550
Centro de Saúde de A Bandeira	986 585 706
Centro de Saúde de Silleda	986 580 230
Correos	986 580 232
Farmacia Pin	986 580 095
Farmacia Silva	986 585 337
Farmacia Taboada	986 581 266
Feira Internacional de Galicia	986 580 050
Garda Civil	986 580 071
Parque de Bombeiros	986 581 400
Policia Local	986 580 002
Protección Civil	660 663 145
Taxis Silleda	986 580 172

Patrimonio natural

Catarata del Toxa

Hermoso espectáculo de agua, luz y sonido, formado por una majestuosa cascada de agua del río Toxa en la parroquia de Pazos, considerada la más alta de Galicia en caída libre. Su diversidad botánica y un bosque atlántico maravillosamente conservado con especies de tipo mediterráneo, lo hacen único.

X559529 Y4734030

www.turismogalicia.es

Fervenza do Toxa

Fermoso espectáculo de auga, luz e son, formado por un maxestuoso cadeiro de auga do río Toxa na parroquia de Pazos, considerada a máis alta de Galiza en caída libre. A súa diversidade botánica e un bosque atlántico marabillosamente conservado con especies de tipo mediterráneo, fano único.

Fervenza de Férveda

Encravada na parroquia de Escuadro envolta nun bosque de ribeira moi ben conservado.

Catarata de Férveda

Enclavada en la parroquia de Escuadro envuelta en un bosque de ribera muy bien conservado.



Fervenza de Férveda
X555716 Y4724770

Zonas de ocio e lecer

Carballeira das Pedrosas
Contorna do Muíño de Covián
Sobreira de Siador
Carballeiras do Santuario da Saleta

Robleada de las Pedrosas
Entorno del Molino de Covián
Alcornoque de Siador
Robledas del Santuario de la Saleta



Carballeira das Pedrosas
X561851 Y4726811

Á beira dun rego, nunha carballeira, ao pé dunha igrexa ou dun muíño sempre hai un recuncho onde descansar ou pasar o día cando a calor apreta e o tempo axuda. As zonas de lecer abundan e algunhas dispoñen de mobiliario para xantar e para realizar actividades biosaudables.



Sobreira da Saleta
X562147 Y4725587



Muíño de Covián
X558841 Y4728791

A orillas de un regato, en una robleada, al pie de una iglesia o de un molino siempre hay un plácido lugar donde descansar o pasar el día cuando el calor aprieta y el tiempo ayuda. Las zonas de recreo abundan y algunas disponen de mobiliario para almorzar y para realizar actividades biosaludables.

Espazos naturais

Brañas de Xestoso

Lugar de Importancia Comunitaria (LIC). Zona de especial protección dos valores que atesoura, por mor do alto interese das comunidades que conserva, participando do proxecto europeo da Rede Natura 2000. Ten un valor científico incalculable.



Serra do Candán
X5603777 Y4716296

Dende a **Ermida de S. Sebastián** (Moalde), pódese chegar con facilidade ata a **Lagoa Sacra**, cargada de mitos e lendas, disfrutando así dun fermoso paseo sen dificultades e cunhas impresionantes vistas.

Serra do Candán

Integradas nas Terras de Montes e Comarca de Deza, estas vellas serras desgastadas conservan grandes espazos de horizontes abertos cunhas vistas das mellores do Concello dende o seu cumio máis alto, 1.014 mts.

Brañas de Xestoso

Lugar de Importancia Comunitaria (LIC). Zona de especial protección de los valores que atesora, por mor del alto interés de las comunidades que conserva, participando del proyecto europeo de la Red Natura 2000. Tiene un valor científico incalculable.

Desde la **Ermida de S. Sebastián** (Moalde), se puede llegar con facilidad hasta la **Lagoa Sacra**, cargada de mitos y leyendas, disfrutando así de un hermoso paseo sin dificultades y con unas impresionantes vistas.

Sierra del Candán

Integradas en las Tierras de Montes y Comarca de Deza, estas viejas sierras desgastadas conservan grandes espacios de horizontes abiertos con unas vistas de las mejores del Concello desde su cumbre más alto, 1.014 mts.




Lagoa Sacra
X553062 Y4724820

Sendeirismo

O Concello de Silleda conta cun medio natural impresionante, un patrimonio cargado de historia e arte sobre todo románica e barroca e un ronsel de elementos etnográficos e culturais exemplares:

Un sendeiro internacional de longo percorrido, o **Camiño do Sueste ou Mozárabe da Vía da Prata**, que atravesa Silleda ao longo de 19 km., desde a súa entrada pola ponte medieval de Taboada do s.X, pasando polas vilas de Silleda e A Bandeira.

Dous sendeiros homologados pola Federación Galega de Montañismo, a **senda do Deza**, PR-G 18, e a **ruta da Auga**, PR-G 124, e varias rutas dun altísimo interese cultural e paisaxístico como a **ruta do Románico**, ruta de **Férveda**, **sendeiro do Baixo Deza**, a **senda da Saleta**, o **Castro de Toiriz**, e a **Copa do Castro** ou as excursións que nos poden achegar ás tres zonas que conforman a **Rede Natura 2000**.



Ponte do Demo
X564863 Y4710615

Coordenadas de saída e de chegada / Coordenadas de salida y de llegada

Roteiro da Fervenza: Inicio: igrexa de Escuadro: X557364 Y4726550

Fin: Fervenza de Férveda: X555716 Y4724770

Sendeiro do Deza: Inicio: Mosteiro de Carboeiro X554675 Y4733994

Fin: Fervenza do Toxa: X559529 Y4734030

Sendeiro do Baixo Deza: Inicio: Mamoá da Chousa Nova: X557776 Y4734036

Fin: Desembocadura do Deza no río Ulla X553391 Y4737039



Ruta da Auga (circular): Inicio e fin Muíño de Buxos X563472 Y4719710

El Concello de Silleda cuenta con un medio natural impresionante, un patrimonio cargado de historia y arte sobre todo románica y barroca y una estela de elementos etnográficos y culturales ejemplares:

Un sendero internacional de largo recorrido, el **Camino del Sudeste o Mozárabe de la Vía de la Plata**, que atraviesa Silleda a lo largo de 19 km., desde su entrada por el puente medieval de Taboada, pasando por los pueblos de Silleda y A Bandeira.

Dos senderos homologados por la Federación Gallega de Montañismo, la **senda del Deza**, PR-G 18, y la **ruta del Agua**, PR-G 124, y varias rutas de un altísimo interés cultural y paisajístico como la **ruta del Románico**, ruta de **Férveda**, **sendero del Bajo Deza**, la **senda de la Saleta**, el **Castro de Toiriz**, y la **Copa do Castro** o las excursiones que nos pueden acercar a las tres zonas que conforman la **Red Natura 2000**.

Inscripción na ponte
medieval de Taboada
X564725 Y4725534



Ponte medieval de Taboada
X564725 Y4725534

Capricho da natureza

Festas, feiras e romarías

Romaría do Rapaz

Festa dedicada aos nenos.
Celebrase no entorno da Saleta en Siador o último domingo de xuño.

Romaría de Santa Sabela

Festa profundamente relixiosa, que mestura o animismo, paganismo e cristianización. Ten lugar na parroquia de Escuadro o día 2 de xullo e o domingo seguinte.

Romaría da Saleta

Romaría de carácter relixioso que se celebra cada 19 de setembro en Siador desde 1864.



Romería do Rapaz

Fiesta dedicada a los niños.
Se celebra en el entorno de la Saleta en Siador el último domingo de junio.

Romería de Santa Isabel

Fiesta profundamente religiosa, que mezcla el animismo, paganismo y cristianización. Tiene lugar en la parroquia de Escuadro el día 2 de julio y el domingo siguiente.

Romería de la Saleta

Romería de carácter religioso que se celebra cada 19 de septiembre en Siador desde 1864.

A Feira da Bandeira

Mercado tradicional galega que ten lugar os días 14 e 29 de cada mes.

La Feria de A Bandeira

Mercado tradicional gallego que tiene lugar los días 14 y 29 de cada mes.



Feira Internacional de Galicia

Este recinto internacional é o maior parque de exposicións con carácter internacional do noroeste da Península Ibérica. Destácase pola celebración anual do certame Semana Verde de Galicia e todos os martes a subasta da Central Agropecuaria Galega.
www.feiragalicia.com

Feira Internacional de Galicia

Este recinto internacional es el mayor parque de exposiciones con carácter internacional del noroeste de la Península Ibérica. Se destaca por la celebración anual del certamen Semana Verde de Galicia y todos los martes la subasta de la Central Agropecuaria Galega.
www.feiragalicia.com

Festas gastronómicas

Festa da Rosquilla

Exaltación do produto reposteiro por excelencia de Silleda con orixe histórica na parroquia de Abades todos os domingos de Pascua desde 1988.

Festa do Lacón

Celébrase na vila de Silleda a 2ª fin de semana de xullo.

Festa da Paella

Última fin de semana de xullo, na parroquia de Cortegada.

Romaría da Tortilla

Organizada dende o ano 1989 na parroquia de Laro. 1º fin de semana de agosto.

Festa da Empanada

Declarada de Interese Turístico Galego que se celebra dende o ano 1974 na localidade da Bandeira. 3º fin de semana de agosto.

Festa do Chourizo ao Viño

Celébrase na parroquia de Ponte a derradeira fin de semana de setembro.

Festa da Castaña

Ten lugar na parroquia de Breixa, o derradeiro sábado de outubro.



Fiesta de la Rosquilla

Exaltación del producto reposteiro por excelencia de Silleda con origen histórico en la parroquia de Abades todos los domingos de Pascua desde 1988.

Fiesta del Lacón

Se celebra en la villa de Silleda el 2ª fin de semana de julio.

Fiesta de la Paella

Último fin de semana de julio, en la parroquia de Cortegada.

Romería de la Tortilla

Organizada desde el año 1989 en la parroquia de Laro. 1º fin de semana de agosto.

Fiesta de la Empanada

Declarada de Interés Turístico Gallego que se celebra desde el año 1974 en la localidad de A Bandeira. 3º fin de semana de agosto.

Fiesta del Chorizo al Vino

Se celebra en la parroquia de Ponte el último fin de semana de septiembre.

Fiesta de la Castaña

Tiene lugar en la parroquia de Breixa, el último sábado de octubre.



Alto dos xenerais

A Comarca natural da Ulla, incluíndo o concello de Silleda, posúe un tradicional e orixinal entroido rural, único en Galiza, denominado *Entroido da Ulla*.

Desde mediados do s. XIX simbolízase un irónico enfrontamento dialéctico ou alto, entre xenerais e correos procedentes de distintas parroquias. No Concello son famosos os da Bandeira, Lamela e Dornelas.

La Comarca natural del Ulla, incluyendo el concello de Silleda, posee un tradicional y original carnaval rural, único en Galicia, denominado *Entroido da Ulla*. Desde mediados del s. XIX se simboliza un irónico enfrentamiento dialéctico o alto, entre generales y correos procedentes de distintas parroquias. En el ayuntamiento son famosos los de A Bandeira, Lamela y Dornelas.

